



**NARÓN**

**Datos Do Expediente:**

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - BRA	
Número expediente:	Documento:
CON/37/2016	CON10I1FN
5S3R6N2D0W3W6G6H1870	

ACTA DA XUNTANZA MANTIDA POLA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN CONTIDA NO SOBRE Nº UN REFERENTE Á DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, PRESENTADOS POLOS LICITADORES PARTICIPANTES NO PROCESO DE LICITACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN SERVIZO DE LIMPEZA XERAL, PEQUENOS TRABALLOS DE MANTEMENTO E CONSERXERÍA DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DA GÁNDARA POR PROCEDEMENTO ABERTO CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

En Narón, o día cinco de decembro de dous mil dezaséis, sendo as 12:00 horas, reúnen os membros da Mesa de contratación segundo o establecido no Prego de cláusulas administrativas particulares e formada polas persoas que de seguido se relacionan:

**PRESIDENTE:** D. Guillermo Sánchez Fojo, alcalde accidental

**VOGAIS:** D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli, secretario xeral do Concello  
Dna. María Pilar Canzobre Méndez, interventora xeral  
D. Rafael Flores Veiga, administrador-xerente do Servizo de Deportes

**SECRETARIO:** Ignacio Mazaira Garro, xefe da Sección de Contratación

O Sr. Presidente declara validamente constituída a Mesa para proceder á apertura dos sobres 1 presentados polos seguintes licitadores:

- Servicios Deportivos de Galicia SL.
- Valoriza Facilities SAU
- FCC Aqualia
- Arasti Barca M.A. SL

O secretario procede a ler un breve resumo do anuncio de licitación do servizo, publicado no DOUE e máis certificado no que consta a relación de empresas presentados ao devandito concurso.

Deixase constancia de que todas as ofertas foron presentadas na forma e dentro do prazo concedido a estes efectos.

Procédese á apertura dos sobres 1, relativos á documentación administrativa e do análise da referida documentación, adóptanse os seguintes acordos:

Declarar suficientes a documentación presentada polas as empresas:

- Valoriza Facilities SAU
- FCC Aqualia
- Arasti Barca M.A. SL

Solicitar información á empresa Servicios Deportivos de Galicia SL para que presente a documentación administrativa recollida na cláusula 2.2.4.1.(Sobre número un), xa que a dita empresa substitúe esta documentación por unha declaración responsable, substitución explícitamente rexeitada no apartado U da carátula do PCAP e non admitida tampouco na citada cláusula do prego.



A mesa de contratación a teor do disposto no artigo 81.2 do Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas, acorda conceder un prazo de tres días para a corraxir os defectos sinalados.

Non tendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 12 horas e 15 minutos, de todo o cal, como Secretario dou fe, asinando comigo, a presente Acta, o Sr. Presidente.